
**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DA ESCOLA TÉCNICA
SUPERIOR DE ENXEÑEIROUS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CELEBRADA O LUNS, DÍA 13 DE MARZO DE
2017 ÁS 11:00**

De acordo co establecido na orde do día, a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 11:05 horas do luns día 13 de marzo de 2017, coa seguinte orde do día:

- 1) Plan docente Anual (PDA) das titulacións da Escola no curso 2017/2018

ASISTEN OS SEÑORES:

PROFESORES VINCULACIÓN PERMANENTE

Acinas García	Juan Román
Álvarez García	Julia
Anta Álvarez	José
Baldomir García	Aitor
Barrientos Rodríguez	Víctor
Carro López	Diego
Casteleiro Maldonado	Manuel
Colominas Ezponda	Ignasi
Domínguez Perez	Xabier Eduardo
Eiras López	Javier
Fé Marques	Jaime
Fontán Pérez	Arturo Norberto
Fuentes García	Luis
Galán Díaz	Juan José
Herrador Barrios	Manuel Francisco
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	Isabel
Moret Bonillo	Vicente
Navarrina Martínez	Fermín Luis
Nieto Mouronte	Félix
Nogueira Garea	Xesús Antón
Novales Ordax	Margarita
Orro Arcay	Alfonso
Paris López	José
Pena Mosquera	Luis
Peña Gonzalez	Enrique
Pérez Pérez	Ignacio
Perezán Pardo	Juan Carlos
Rdez.-Vellando Fdez.-Carvajal	Pablo

Romera Rodríguez	Luis Esteban
Samper Calvete	Francisco Javier
Taboada Vázquez	Raquel
Varela García	Francisco Alberto
Vázquez Herrero	Cristina Mercedes

RESTANTES CATEGORÍAS PDI

Couceiro Aguiar	Iván
Martínez Díaz	Margarita
Ramírez Palacios	Luis
Rodríguez Pasandín	Ana María
Rojo López	Gemma

ESTUDANTES

Alonso Rodríguez	Pablo
García-Alén Lores	Gonzalo
Pazos Taboada	Damián
Prada Varela	Alexandre Ismael
Soriano Sutil	Alejandro
Sotelo Domínguez	Luis
Varela Sánchez	Antonio

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Calvo Fariña	Juan Bautista
Cruz Viqueira	María Pilar
Lafuente Paulos	Marta
Rivas Quelle	Cathaysa
Romero Rozas	Rubén

EXCUSAN:

Puertas Agudo	Jerónimo
Vasallo Rapela	Alejandro Manuel

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como secretario o Sr. Diego Carro.

1) Plan docente Anual (PDA) das titulacións da Escola no curso 2017/2018

O Director comeza explicando o desenvolvemento da normativa da UDC respecto á organización do plan docente. Sinala que na normativa deste ano se establecen un número de 7 horas por crédito ECTS. Sinala que este tema non é novo, esta Xunta de Escola xa se reuniu en 2009 e dúas veces en 2012 sobre este tema en momentos en que a reitoría propuxo esta mesma medida.

Explica tamén que este documento xa se aprobou no último consello de Goberno cunha publicidade de 4 días. Expón a súa total oposición a esta medida sobre a que votou en contra e sobre a que tivo unha intervención en dito consello de Goberno. Pasa a ler a súa

intervención no consello de goberno. Continúa explicando os contactos que houbo a posteriori. Explica o transcurso dunha reunión á que o Vicerreitor convocou ao Director, e que tivo lugar o xoves previo. A esta reunión acudiron o propio Director mais o Subdirector José París. Nesa reunión, a temática na que máis se insistiu desde o equipo de dirección, foi no que se perdía coa redución de horas e o rexeitamento que producía na Escola. O Vicerreitor transmitiu a súa intención de relaxar ou flexibilizar os criterios aprobados en algúns aspectos. O resumo da reunión é que se podería aumentar nas materias obrigatorias de grao dos primeiros cursos ata 10 horas e nas optativas serían 7 horas por crédito ECTS. Con respecto ao mestrado, a normativa aprobada indica que todas as materias serían iguais e con 7 horas.

Intervén o profesor Alfonso Orro, comeza indicando que este é un tema moi grave. Considera que a Xunta de Escola debería manterse firme nas 10 horas por crédito. Pódese argumentar que existe unha singularidade sobre as titulacións de Enxeñaría e Arquitectura onde os títulos antigos xa tiñan maior carga docente por curso, tamén nos criterios de concursos competitivos onde se aplican baremos diferentes e nas bolsas do MEC. Tamén considera que xa houbo historicamente a redución da carga horaria presencial, inicialmente no programa de LRU 81 con 6 cursos e 4500 horas presencias, o plan do 91 con 5 cursos e 4200 horas presenciais e na adaptación a Bolonia pasouse a 2400+1200 horas presenciais. Considera que isto xa é unha clara redución e que non pode haber máis redución sen diminuír os contidos a impartir. Así mesmo indica que as outras escolas están con 10 horas presenciais, polo tanto cambiar isto situaría a Escola nunha situación de completa desvantaxe comparativa co resto de Escola de Enxeñaría de España. Continúa indicando que xa se fixo unha adaptación das metodoloxías docentes ao EEES e que considera que non se podería facer unha maior redución sen afectar profundamente á calidade da formación dos nosos estudantes. Expón tamén que as memorias verificadas son un argumento importante, xa que nelas se establece o contrato coa sociedade desta Escola e nelas está escrito que todas as materias deberán ter 10 horas presenciais, incumplir isto implicaría incumplir a memoria dos títulos.

Intervén o profesor Ignacio Pérez consultando sobre os grupos de prácticas. Contesta o Director que eso non se tratou, que tampouco se ten unha proposta desde a Reitoría.

Intervén o profesor Jaime Fe, consulta que se non hai intención de reducir o persoal, no caso de que non se planifique tal medida, non haberá aforro ningún coa medida. O director responde que o compromiso do Vicerreitor era o de non reducir persoal.

Intervén o estudante Luís Sotelo apoiando que non se faga a redución desas horas, opinando que isto é unha gran desvantaxe dos estudantes da UDC con respecto ós do resto de España. Transmite que expón a opinión da delegación e que non se deberían reducir estas horas. Indica así mesmo que o reitor dixo na reunión que fixo na Escola que quería fortalecer as carreiras técnicas, e que agora un tempo despois aparece con isto. Propón tamén que se unan de maneira conxunta todas as carreiras técnicas e arquitectura

para presentar unha proposta conxunta de rexeitamento a esta redución, e que isto se apoie polos estudantes e o persoal docente.

O Director resposta que el xa falou cos directores das outras Escolas da UDC e que expresaron tamén o seu rexeitamento a este cambio nas normas de elaboración do PDA.

Intervén o profesor Pablo Rodríguez-Vellando indicando se é preciso apostar por medidas máis contundentes.

Intervén o profesor Arturo Fontán preguntando se falta que vaia a Claustro ou xa está aprobado. Resposta o Director indicando que xa está aprobado en Consello de Goberno e que xa é de aplicación.

Intervén o profesor Fernando Martínez e propón que se debería facer algún tipo de protesta, por exemplo unha mobilización á xaponesa, con máis docencia presencial ou tamén cun parón total ata conseguir o cambio de criterio na Reitoría.

Intervén o estudante Alejandro Soriano consultando como se solucionou esta problemática en outros momentos. Resposta o Director indicando que se conseguiu con moito diálogo e manténdose firmes neste punto concreto de vital importancia.

Intervén o profesor Vicente Moret sinalando que isto é un ERE encuberto.

Contesta o Director que pediu que o Vicerreitor explicara esta medida nos centros. Ata agora non dixo cando viría.

Intervén o profesor José París, indicando que lle parece moi importante recadar apoios en outros centros.

Intervén a profesora Cristina Vázquez explicando que nunha reunión próxima da comisión de docencia do colexio de Enxeñeiros de Camiños, que consultará o que sucede noutras Escolas.

Intervén o profesor Enrique Peña, indicando que habería que recabar apoios en empresas e institucións externas.

Intervén Julia Álvarez indicando que opina que se debería de acudir á prensa.

Intervén o profesor Aitor Baldomir indicando que isto é un aumento de taxas encuberto. Se fora directo sería clamoroso, na realidade isto supón dar menos docencia co mesmo custo por crédito, é dicir, dar menos formación polo mesmo prezo.

Intervén o profesor Arturo Fontán, consultando sobre os prazos, que quizá sería convinte que a Escola manteña as 10 horas como medida de presión. Indica tamén que para poder aceptar isto, na Reitoría terían que modificar a normativa.

Intervén a profesora Margarita Novales indicando que a largo prazo o feito de impartir as 10 horas en rebeldía pode ser contraproducente. Indica que debe estar oficialmente recollido.

O profesor Luis Pena propón que se aprobe un comunicado por escrito e que sexa enviada

Intervén o estudante Damián Pazos expresando a importancia de contar co apoio dos estudantes das outras Escolas Técnicas para responder a isto. Intervén a continuación o estudante Luís Sotelo indicando que desde a Reitoría necesitan saber que os estudantes están en contra desta medida prexudicial para os estudos desta Escola.

Intervén o profesor Juan Acinas, indicando que hai apoio institucional en UK e USA sobre a formación nas áreas STEM e que esta medida parece ir en contra da tendencia xeneralizada de apoio ás carreiras técnico-científicas.

Intervén o profesor Fernando Martínez, indicando que non se debería abrir moito a información a fóra ata que avance as conversacións coa reitoría, esa sería unha medida de último momento.

Intervén o Sr. Ruben Romero consultando se isto ven desde a Xunta e como se pode estruturar para as tres universidades do SUG. Quere saber que marxe de actuación ten a UDC. Resposta o profesor Manuel Casteleiro, quen explica o plan de financiamento da Xunta, indicando que este argumento das 7 horas que utiliza a reitoría é un parámetro máis dos que se usan para calcular o presuposto. Pero sinala que ese parámetro non é obrigatorio para a UDC. Por exemplo, ese mesmo plan de financiamento computa 180 horas por profesor cando a realidade son 240 horas, cando non máis.

A Xunta de Escola acorda por unanimidade, estando amplamente representados todos os colectivos da mesma, establecer o rexeitamento á proposta da Reitoría incluíndo os argumentos que aquí se expuxeron, e que se manteña por tanto a asignación de 10 horas por cada crédito ECTS para todos os títulos e para todas as materias que se imparten na Escola. Encárgaselle ó equipo de dirección comunicar este acordo da Xunta de Escola e que estableza un diálogo nese sentido. Tamén se solicita que acuda o Vicerreitor á Escola a explicar esta medida.

A sesión da Xunta de Escola finaliza ás 12:30 horas do luns 13 de marzo de 2017.

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico